

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

**Ocupación en aloxamentos turísticos INE**  
Agosto 2021

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de agosto de 2021**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2020 e anteriores.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en agosto do pasado ano a situación da pandemia era diferente. O proceso de desescalada da primeira onda xa rematara e xurdían, como agora, brotes en diferentes zonas de Galicia que levaron a tomar medidas específicas por territorios. Moita oferta de aloxamento estivo aínda pechada e existía certo temor e moitas dúbidas a viaxar. Agora en 2021 a recuperación está iniciada e, por tanto, a comparación cos datos de 2020 é pouco representativa. Por isto, unha vez máis imos realizar a comparación co ano 2019 para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Nese contexto o INE estima que neste mes abriron de media en Galicia máis de 4.400 establecementos de aloxamento turístico –dos pouco máis de 4.100 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron máis de 123 mil prazas –das 117 mil de agosto de 2020-. Isto supón incrementar nun 5,3% a oferta dispoñible do pasado ano mais debido ás circunstancias da pandemia a comparativa ten un nesgo claro. O grado de recuperación da oferta previa á crise é moi notable por canto agora en agosto estiveron dispoñibles practicamente o 100% das prazas de 2019.

Neste contexto aprécianse diferenzas entre segmentos. O nivel de recuperación é máis notable no caso dos apartamentos turísticos –que superan nun 22% o volume de prazas de 2019 marcando un máximo histórico de oferta dispoñible na comunidade con máis de 8.300 prazas-. A oferta de cámpings mantense estable mentres que no segmento hoteleiro e en turismo rural o grao de recuperación sitúase no contorno do 97% das prazas de 2019.

Amósanse a continuación os principais resultados deste mes de agosto de 2021.


## AGOSTO 2021

*Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados*

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	512.541	-0,4%	1.275.326	-0,3%	2,49	0,0%	75,62%	1,60
PENSIÓNS	157.823	7,8%	294.901	4,7%	1,87	-3,0%	52,12%	3,83
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>670.364</b>	<b>1,4%</b>	<b>1.570.226</b>	<b>0,6%</b>	<b>2,34</b>	<b>-0,9%</b>	<b>69,68%</b>	<b>2,28</b>
APTOS. TURÍSTICOS	32.557	12,2%	149.657	15,2%	4,60	2,6%	57,36%	-2,44
CÁMPINGS	125.274	10,6%	440.468	3,4%	3,52	-6,5%	46,02%	2,06
TURISMO RURAL	41.294	-6,3%	103.445	-8,1%	2,51	-1,9%	52,62%	-1,57
<b>ESTAB. EXTRAHOTEL.</b>	<b>199.125</b>	<b>6,8%</b>	<b>693.570</b>	<b>3,7%</b>	<b>3,48</b>	<b>-2,9%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>869.489</b>	<b>2,6%</b>	<b>2.263.796</b>	<b>1,5%</b>	<b>2,60</b>	<b>-1,1%</b>	-	-

- No pasado mes de agosto deste ano 2021 Galicia rexistra preto de 870 mil viaxeiros aloxados e máis de 2,26 millóns de noites no conxunto dos aloxamentos turísticos regrados, cifras que superan nun 65% e 59%, respectivamente, os datos do pasado ano e tamén, por vez primeira desde o inicio da pandemia, as cifras de 2019 –nun 1,5% o volume de noites-. Neste sentido a nosa comunidade conseguiu recuperar plenamente a demanda previa á pandemia correspondente a este oitavo mes –en maio o nivel de recuperación situábase no 38%, en xuño no 65% e en xullo ascendía ao 93%-.
- É o quinto mes consecutivo no que se rexistra un comportamento positivo da demanda en termos interanuais –comparando co 2020- se ben é certo que tanto en abril como en maio a comparativa faise cun ano de baixa ou nula actividade. O aspecto importante radica no nivel de recuperación que este mes é total, regresando Galicia a niveis previos á pandemia.

*Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Agosto 2012-21*




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia, cunha perda notable do 36% o pasado ano que se recupera agora en 2021 rexistrando máis de 2,26 millóns de noites. En termos absolutos son preto de 840 mil pernoctacións máis que no pasado ano e 34 mil máis das que había antes da crise.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o nivel de demanda deste mes de agosto é o segundo máis elevado de toda a serie histórica, só por detrás do valor rexistrado en 2017. Os datos de agosto acadan o máximo histórico nese ano, con preto de 2,3 millóns de noites, pero cunha distancia moi curta respecto do rexistrado agora en 2021 –menos de 15 mil noites de diferenza-.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo dispar da demanda nas diferentes comunidades. Todas elas superan as cifras do pasado ano –con diversa intensidade agás no caso de Cantabria que curiosamente perde un 1,5%- mais o comportamento en relación ao ano 2019

é diferente –os graos de recuperación difiren en función da intensidade da caída e dos incrementos posteriores-.

- Neste sentido, os destinos insulares de Baleares e Canarias, xunto con Madrid, son algúns dos que máis sufriron o impacto da pandemia e agora, en cambio, rexistran os incrementos máis notorios en relación ao pasado ano. O seu maior volume e peso –no caso dos arquipélagos-, así como a importancia que o turismo ten na súa economía, provocan que tanto o impacto negativo como a recuperación posterior acaden porcentaxes moi elevadas, variacións moi significativas en termos relativos. Baleares por exemplo case triplica neste mes os niveis de demanda do pasado ano.
- A comparación co ano 2019 amosa en cambio dinámicas dispares. Asturias é o destino de mellor comportamento en termos relativos pois supera nun 5,9% o número de noites previo á pandemia. Xunto con Galicia e Murcia –que presentan tamén un incremento pero máis suave, do 1,5% en ambas- son os tres destinos que se sitúan por encima dos niveis anteriores á crise.
- Os restantes destinos fican por debaixo dos niveis de 2019 pero con distancias dispares. Un grupo de sete comunidades amosan mellor comportamento por canto recuperan máis do 90% da demanda previa á pandemia. Son, por esta orde, Aragón, A Rioxa, Castela A Mancha, País Vasco, Navarra, Castela e León, e Estremadura. Cantabria e a C. Valenciana achéganse a ese 90% sinalado mentres que os restantes destinos fican por debaixo desa porcentaxe. Neste ranking as comunidades que aínda quedan lonxe dos valores previos á pandemia son Cataluña, Madrid, Canarias e Baleares –esta última sitúase no 60% da demanda de agosto de 2019-. Son xustamente aquelas que sufriron con maior intensidade as consecuencias da crise e que agora crecen con maior rapidez, pero aínda insuficiente para achegarse aos volumes previos á pandemia.
- Galicia sitúase por tanto nunha posición alta, cun nivel de resiliencia parello ao de Murcia e no grupo das tres comunidades que se sitúan por encima dos valores previos á pandemia.
- No conxunto de España o resultado global amosa un nivel de recuperación do 78%, isto é, recupéranse catro de cada cinco noites de 2019.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes de agosto a sexta posición representando o 4,0% do total de España. Cataluña é neste mes o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística regrada con preto de 12,1 millóns de pernотacións –o 21,5% do total-. Lidera o ranking estatal por cuarta vez de forma consecutiva logo de que no primeiro cuadrimestre do ano fose principalmente Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto do Estado.
- Logo de Cataluña sitúanse a continuación Andalucía –con máis de 9,3 millóns de noites-, Baleares –con preto de 8,0 millóns de pernотacións-, a C. Valenciana –con 7,0 millóns de noites- e Canarias –con pouco máis de 6,0 millóns de noites neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 75% do total da demanda turística regrada do conxunto de España. Nun segundo grupo, por detrás de Galicia, sitúanse Castela e León, Madrid e Asturias –todas con máis de 1,5 millóns de noites-.
- Neste mes son, unha vez máis, os destinos do mediterráneo peninsular xunto cos destinos insulares os que lideran o ranking de demanda turística a nivel estatal.

- A perspectiva en termos de peso cambia en función do período de referencia que tomemos para a comparación. Neste sentido, en relación ao pasado ano obsérvase que son xustamente os destinos insulares xunto con Madrid as comunidades que non só presentan os incrementos relativos máis destacados senón tamén aqueles que gañan peso –en cinco puntos Baleares e en dous puntos Canarias-. Recuperan unha pequena parte da cuota de mercado que perderon durante a pandemia. De feito si comparamos os ratios deste mes cos de 2019 obsérvase que xustamente son Canarias e Baleares os destinos que perden peso no ranking estatal –xunto con Cataluña-, circunstancia que supón para as restantes comunidades reforzar a súa posición no conxunto do Estado.
- A perspectiva en relación ao 2019 amosa que son Andalucía e a C. Valenciana os destinos que maior cuota de mercado gañan, isto é, os que obteñen un maior peso no conxunto do Estado –superando en preto de dous puntos a ratio de hai dous anos-.
- A nosa comunidade sitúase nunha posición alta tanto no que respecta á evolución da demanda en termos relativos como na variación do seu peso: perde medio punto respecto do pasado ano pero segue un punto por encima da cuota de 2019.
- Neste mes de agosto o 69% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros –sete de cada dez noites-, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 56%- coma ás pensións –co 13% neste caso-. O 31% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6,6% da demanda total-, aos cámpings –co 19,5%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen preto do 5% restante neste caso-.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Agosto 2021



- Esta estrutura é característica dun período de temporada alta e difire do observado no primeiro semestre, se ben neste ano, por mor do comportamento rexistrado a raíz da crise do Covid19 no que os turistas optaron en maior medida por modalidades non hoteleiras fronte aos hoteis e pensións, obsérvase un menor peso relativo do segmento hoteleiro e, paralelamente, un maior peso do ámbito extrahoteleiro. A diferenza non é en todo caso moi notable –en 2019 o peso do segmento hoteleiro situábase no 70% do total da demanda-.

- O comportamento da demanda neste inicio do verán é dispar nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Todas elas superan de forma notoria os niveis do pasado ano –con maior intensidade o segmento hoteleiro, cunha suba do 71%, fronte ao extrahoteleiro, que se incrementa de media un 37%- mais presentan unha dinámica diferente en relación ao 2019. O nivel de recuperación varía en función da modalidade de aloxamento.
- Neste mes, e a diferenza dos anteriores, son tres as modalidades que conseguen mellorar os niveis de demanda de 2019: as pensións –nun 4,7%-, os apartamentos turísticos –nun 15,2%, marcando un máximo da serie histórica con preto de 150 mil noites- e os cámpings –nun 3,4% acadando tamén un máximo da serie con pouco máis de 440 mil noites neste caso-,
- Á tendencia positiva que viñan amosando os apartamentos turísticos e os cámpings nos meses anteriores engádese agora, en agosto, as pensións, ampliando así o abano de tipoloxías con recuperación positiva.


*Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. regrados. Agosto 2021/19, por tipoloxías*



- Os hoteis mantéñense en niveis semellantes aos de agosto de 2019 –circunstancia que neste caso é moi positiva pois ata o de agora ficaba sempre por debaixo das cifras previas á crise- mentres que os establecementos de turismo rural fican por debaixo dos valores previos á pandemia. O nivel de recuperación deste segmento supera o 90%, dato que mellora con creces o observado durante o primeiro semestre pero que, en termos comparativos, non chega nin supera os niveis de 2019 coma nas restantes modalidades de aloxamento.
- A pesar destas diferenzas de comportamento en relación aos niveis previos á pandemia apréciase unha tendencia positiva xeneralizada por canto todas as tipoloxías melloran agora en agosto a dinámica observada ao longo deste ano 2021. Os datos de agosto son os mellores dos últimos oito meses para todas as modalidades, especialmente para o segmento hoteleiro e de turismo rural –os apartamentos turísticos e os cámpings xa rexistraran cifras positivas e máximos históricos no pasado mes de xullo.


- A recuperación da demanda provén esencialmente do lado dos viaxeiros aloxados, cifra que sobe de forma importante en todas as modalidades en relación ao pasado ano e tamén en comparación co 2019 no caso das pensións, dos apartamentos turísticos e cámpings. A estadia media inflúen en menor medida neste contexto.
- A recuperación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes na xeración de case 838 mil novas pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que na súa maioría – o 78%- corresponde aos establecementos hoteleiros. Nas restantes tres modalidades o incremento tradúcese na xeración de 133 mil noites nos cámpings, de case 30 mil noites nos apartamentos turísticos e de 24 mil noites no segmento de turismo rural.
- A distancia global respecto dos valores de 2019 sitúase preto das 34 mil noites, mais neste caso o comportamento varía pois tres modalidades xeran novas pernoctacións –13 mil as pensións, case 20 mil os apartamentos turísticos e algo máis de 14 mil os cámpings-.
- A disparidade de comportamento nas diferentes tipoloxías é unha característica que tamén se observa noutras comunidades autónomas, se ben non coa mesma intensidade. Tomando as cifras globais obsérvase sempre mellor dinámica no ámbito extrahoteleiro fronte ao hoteleiro. Neste último por exemplo todas as comunidades agás Galicia fican por debaixo dos valores de 2019 pero con diferentes distancias –Asturias achégase practicamente ao mesmo nivel mentres que Madrid fica por debaixo do 60% da demanda hoteleira previa á pandemia-.
- Nove destinos superan os niveis de demanda de 2019 nos apartamentos turísticos –Castela A Mancha e A Ríoxa presentan a suba máis notoria con máis do 20%-, oito destinos melloran as cifras no ámbito dos cámpings –marcando Murcia a suba máis destacada, do 24%- mentres que no segmento de turismo rural son dez os destinos de comportamento positivo, que superan os niveis previos á pandemia –rexistrando Castela A Mancha e Aragón as subas máis notorias, de máis do 15%- . Xustamente neste segmento Galicia marca o peor comportamento en termos comparativos pois sitúase no pequeno grupo de comunidades que non conseguiron superar as cifras de 2019 –mellorando os datos de Madrid e a C. Valenciana-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Agosto 2021



- En agosto o 90% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 10% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e apenas difiren das rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 88% e o do internacional no 12%-.
- Esta distribución mantense relativamente estable nos últimos meses, con forte peso do mercado nacional e perda de representatividade do mercado internacional. Sen embargo en agosto, igual que en xullo, cambia o perfil do viaxeiro nacional, no que gaña peso e representatividade o segmento receptor –aquele que procede do resto do Estado e que supón máis do 70% do total no ámbito hoteleiro e en turismo rural- e queda con menor peso o mercado interno. Isto cambia respecto do observado en meses anteriores cando tivo un notable protagonismo o segmento dos residentes en Galicia.
- En agosto, igual que en xullo, obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado. O turismo de ámbito nacional non só mellora as cifras do pasado ano –nun 55%- senón que experimenta un crecemento tal que supera todos os rexistros anteriores e marca un máximo na serie histórica do mes de agosto con máis de dous millóns de noites –o rexistro máis próximo corresponde ao ano 2017 cando apenas se superaba a cifra de 1,86 millóns-. En relación ao ano 2019 o incremento sitúase no 11,8%, o mellor dato desde o inicio da pandemia.
- O turismo internacional presenta en cambio un comportamento diferente. Mellora as cifras do pasado ano –dobra o volume de noites se ben os datos de agosto de 2020 eran moi baixos pois naquel momento o segmento internacional tiña restricións importantes de mobilidade- pero fica aínda lonxe dos niveis previos á pandemia –a porcentaxe de recuperación sitúase no 55%, isto é, en pouco máis da metade da cifra de 2019-. Con preto de 225 mil noites o segmento internacional marca a cifra máis baixa da serie histórica –obviando o dato de 2020-.

Fig. 5. Var. Int. Noites por procedencia e segmento do aloxamento. Agosto 2021/19




- O mellor comportamento relativo do mercado nacional fronte ao internacional provoca un cambio na estrutura da demanda, se ben máis que un cambio o que se observa é un



afianzamento do peso do turismo procedente do conxunto do Estado. O mercado nacional en conxunto gaña oito puntos de cuota de mercado, pasando de representar o 82% do total en agosto de 2019 ao 90% actual-. O turismo internacional marca en paralelo un mínimo de peso no conxunto global cun 10% do total das noites –en 2019 supoñía o 18% do total-.

- A diferenza de comportamento entre o mercado nacional e o internacional é unha característica que se observa tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro, e en realidade en todas as tipoloxías de aloxamento. O grao de recuperación é maior no turismo de proximidade e de ámbito nacional, superando o nivel de demanda de 2019 tanto no segmento hoteleiro –nun 11%– coma no segmento extrahoteleiro –nun 13% neste caso-. Esta porcentaxe varía en función da modalidade de aloxamento. Así o mercado nacional supera as cifras de 2019 nos hoteis –con maior intensidade no segmento de tres e máis estrelas-, nas pensións dunha estrela, e nas tres modalidades de aloxamento non hoteleiro –nos apartamentos turísticos e cámpings rexistra ademais máximos da serie histórica-. Fica aínda por debaixo dos valores previos á pandemia, pero próximos a eles, nas pensións de unha e dúas estrelas.
- O mercado internacional amosa en cambio peor comportamento e maior homoxeneidade no sentido de que fica moi lonxe dos niveis previos á crise tanto no ámbito hoteleiro coma no extrahoteleiro –en ambos apenas recupera algo máis da metade da demanda de 2019-.
- As dinámicas non teñen por tanto a mesma dirección nin magnitude pero tampouco a mesma explicación. A situación actual da pandemia ten consecuencias dispares para os dous segmentos, pois afecta ao mercado en orixe no caso do turismo internacional –obriga de cuarentena á volta da viaxe nalgúns mercados, restricións de mobilidade,...- mais no caso do segmento nacional o que se observa é un incremento das viaxes internas e un cambio de preferencias optando principalmente por modalidades como os apartamentos turísticos, os cámpings ou mesmo o aloxamento en turismo rural fronte aos hoteis –dentro do conxunto dos aloxamentos que aquí se analizan-.

*Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Agosto 2021*




- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 2,6 noites, cifra que descende nun 3,7% en relación ao pasado ano. En realidade, fóra deste contexto de pandemia,

obsérvase que a estadía media cae por vez primeira nos últimos seis anos. Desde o 2016 sobe de forma consecutiva marcando un máximo no mes de agosto do pasado ano con 2,7 noites. O descenso deste ano sitúa a cifra global en niveis case equivalentes aos de 2019. Semellante comportamento obsérvase no pasado mes de xullo.

- As cifras de estadía media varían entre as diferentes tipoloxías. Agora neste mes o valor máis elevado corresponde aos apartamentos turísticos -que rexistran unha media de 4,6 noites- e aos cámpings -con 3,5 noites neste caso-. As restantes tres modalidades presentan cifras máis baixas, de 2,5 noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e de 1,9 noites nas pensións.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes tipoloxías. Descende nas pensións, nos cámpings e nos establecementos de turismo rural -nestes dous últimos un 12% en relación ao pasado ano-, mantense en niveis parellos nos apartamentos turísticos e sobe, en cambio, nos hoteis -un 3% neste caso-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa en relación ás restantes comunidades autónomas. Canarias, con algo máis de 6,3 noites, marca o valor máis elevado en agosto -circunstancia que acontece en todos os meses agás en febreiro, que se sitúa por detrás da C. Valenciana-. No lado contrario é Extremadura o destino que presenta a cifra máis baixa, con 2,1 noites. Galicia supera neste mes as cifras de cinco destinos, mantendo a súa posición en relación a meses anteriores.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas. Sobe e mellora en sete destinos -de forma máis notoria en Canarias e Baleares, entorno ao 15%-, mantense estable en dous e descende nos oito restantes -grupo no que se inclúe Galicia-.
- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica global cambia levemente respecto do observado do lado da demanda en cada unha das tipoloxías, por mor tamén de cambios e evolucións do lado da oferta.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Agosto 2021



- En liñas xerais a ocupación sobe e mellora en relación ao pasado ano en todas as modalidades, de forma máis acusada nos hoteis –en 28 puntos- e menos notoria nos apartamentos turísticos – en case oito puntos neste caso-. Esta mellora permite superar tamén os niveis de ocupación previos á pandemia en tres modalidades concretas: nos hoteis –en case dous puntos-, nas pensións –en case catro puntos- e nos cámpings –en dous puntos neste caso- mais non resulta suficiente para acadar os valores de 2019 nos apartamentos turísticos e no segmento de turismo rural.
- As diferenzas de comportamento en relación ao observado do lado da demanda vén como consecuencia de axustes no lado da oferta.
- O comportamento observado neste mes de agosto permite que dúas modalidades acaden un máximo histórico de ocupación: os establecementos hoteleiros e os cámpings.
- Os hoteis marcan neste mes a cifra de ocupación máis alta de toda a oferta de aloxamento cunha media do 75,6%. No lado contrario a porcentaxe máis baixa corresponde aos cámpings –co 46,0% neste caso-.